



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Lingua e Cultura Clásica | Código | 613G01006 | |
| Titulación | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Filoloxía Española e Latina | | | |
| Coordinación | Gonzalez Muñoz, Luis Fernando | Correo electrónico | fernando.gonzalez.munoz@udc.es | |
| Profesorado | Ferraces Rodriguez, Arsenio | Correo electrónico | a.ferraces@udc.es | |
| | Gonzalez Muñoz, Luis Fernando | | fernando.gonzalez.munoz@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo da lingua latina e doutros aspectos da cultura latina da Antigüidade, con especial atención á comprensión e tradución de textos. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A13 | Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A23 | Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|------------------------|----------|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| | A1 | B1 | C3 |
| Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así como a terminoloxía propia desta disciplina | A1 A23 | B1 | C3 |
| Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos | A2 | B7 | |
| Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental | A13 | B8 | |
| Sintetizar e valorar criticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos | A11 | B7 | |
| Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e outras ferramentas de procura de información adquirindo capacidade de autoformación no campo de estudos da filoloxía latina. | A11 | B1 B3 | C3 |
| Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a gramática histórica e a historia das literaturas española, galega e inglesa | A14 | B5 | |
| Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva | | B6 | |
| Apreciar a diversidade | | B8 | |



| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1 Instrumentos para o estudo da civilización latina e o seu legado | 1.1 Principais recursos bibliográficos para o estudo da cultura clásica e da lingua latina 1.2 Outros recursos dispoñibles na web |
| 2 Morfoloxía nominal da lingua latina I | 2.1 Concepto de caso e de declinación 2.2 A flexión dos substantivos 2.3 A flexión dos adxectivos |
| 3 Morfoloxía nominal da lingua latina II | 3.1 A flexión dos pronomes persoais 3.2 A flexión dos pronomes demostrativos 3.3 A flexión dos pronomes fóricos 3.4 A flexión do pronome relativo |
| 4 Morfoloxía verbal da lingua latina | 4.1 As formas do tema de presente 4.2 As formas do tema de pasado 4.3 As formas da voz pasiva 4.4 Infinitivos, xerundio e participios |
| 5. Sintaxe da lingua latina I: a oración simple e a oración de relativo | 5.1 Funcións e usos dos casos 5.2 Sintagmas preposicionais 5.3 As oracións de relativo |
| 6. Sintaxe da lingua latina II: a subordinación substantiva | 6.1 As oracións de infinitivo (Acl) 6.2 As oracións subordinadas substantivas sindéticas (conxuncións quod, ut, ne) |
| 7 Sintaxe da lingua latina III: a subordinación adverbial | 7.1 Oracións causais 7.2 Oracións temporais 7.3 Oracións finais 7.4 Oracións consecutivas 7.5 Oracións condicionais 7.6 Oracións concesivas |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|--------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A13 A14 B3 | 22 | 22 | 44 |
| Lecturas | A13 B8 | 0 | 20 | 20 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A11 B5 B7 C3 | 22 | 44 | 66 |
| Proba obxectiva | A23 B1 B6 | 2 | 16 | 18 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital. |
| Lecturas | A lectura por conta do estudante da Eneida de Virxilio terá carácter obrigatorio e será avaliada mediante un control de lectura. Na aula darase lectura pública a textos diversos ao longo dalgunhas das sesións prácticas |
| Análise de fontes documentais | Exercicios de análise e comentario lingüístico de textos latinos. Estes exercicios levaranse a cabo maioritariamente nas sesións prácticas. |
| Proba obxectiva | Os estudantes farán un exercicio práctico a metade do cuatrimestre sobre as cuestións desenvolvidas nos catro primeiros temas, e un segundo exercicio práctico a final de curso sobre as cuestións desenvolvidas na totalidade do temario. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------------|---|
| Análise de fontes documentais | O estudante poderá asistir a titorías individuais a petición propia ou concertadas polo profesor, a fin de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|-------------------------------|--------------------|---|---------------|
| Lecturas | A13 B8 | O estudante dará conta do aproveitamento da lectura obrigatoria da Eneida por medio dun exercicio de control de lectura. | 10 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A11 B5 B7 C3 | As diversas actividades de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a asistencia e participación activa na aula (10%) como os resultados de eventuais traballos individuais que se propoñan (que deberán ser entregados por escrito) e os controis de contidos que poidan facerse periódicamente (20%). | 40 |
| Proba obxectiva | A23 B1 B6 | Probas escritas individuais de carácter práctico, que se efectuarán, respectivamente, a metade e a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos, tanto nas sesións maxistras como nas sesións de carácter práctico. Requirirase unha cualificación mínima de 4 en cada unha destas probas para poder facer media cos demais conceptos. | 50 |

Observacións avaliación

En caso de que as actividades presentadas por escrito non cumpran unhas esixencias mínimas de corrección lingüística, serán devoltas sen cualificar ao estudante para que as revise e as entregue de novo.

Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo as probas obxectivas con arreglo á seguinte porcentaxe: control de lectura: 10%; proba de análise morfolóxica (40%); proba de análise morfosintáctica e tradución (50%). Como na primeira oportunidade, tamén na segunda a proba escrita deberá obter, como mínimo, unha calificación de 4 puntos (con exame calificado sobre 10) tanto na parte correspondente a análise morfolóxica como na correspondente a análise morfosintáctica e tradución.

O estudante será cualificado con Non Presentado en caso de que non realice as probas obxectivas previstas.

O estudante matriculado na modalidade de tempo parcial será dispensado de asistencia ás sesións prácticas. A porcentaxe da avaliación correspondente a estas será compensado na baremación das probas obxectivas, que pasarán do 50% ao 90%.

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Virgilio (2008). Eneida. RBA editores - Georges Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Atenea - Tomás González Rolán e Lisardo Rubio (1985). Nueva gramática latina. Madrid - Lisardo Rubio (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones clásicas - J. Molina Yévenes (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona - J.M. Baños Baños (2009). Sintaxis del latín clásico. Madrid. Liceus <p>The Classics Page http://www.thelatinlibrary.com/classics.html Recursos para la literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) http://interclassica.um.es/ Analecta Malacitana (Univ. Málaga) http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterarius http://www.luduslitterarius.net/ Resumos de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Exercicios de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm Traducións castelás da Eneida http://es.wikisource.org/wiki/Eneida_(Ochoa) (Traducción de Eugenio de Ochoa) http://es.wikisource.org/wiki/Eneida_(traductor_desconocido) Traducións inglesas da Eneida http://www.gutenberg.org/catalog/world/readfile?fk_files=722084 (Dryden) http://www.bibliomania.com/0/2/173/1106/frameset.html A Eneida na Wikipedia http://en.wikipedia.org/wiki/Aeneid http://es.wikipedia.org/wiki/Eneida http://gl.wikipedia.org/wiki/Eneida http://pt.wikipedia.org/wiki/Eneida</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

É altamente recomendable que os estudantes teñan previamente adquiridos coñecementos de análise morfolóxica e sintáctica en xeral así como unas nocións básicas acerca do funcionamento do sistema morfolóxico da lingua latina.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías